

Pontevedra comeza unha campaña contra o modelo sanitario "neoliberal"

O rexedor pontevedrés e a tenente de alcalde chamaron a cidadanía a protestar pola construción doutro centro hospitalario

REDACCIÓN

GALICIA

actualidade@xornaldegalicia.com

A Plataforma contra a Privatización e polo Hospital Único de Pontevedra criticou a intención, por parte da Consellería de Sanidade, de implantar un modelo sanitario "neoliberal" ao optar pola construción dun novo hospital en Monte Carrasco e descartar a ampliación de Montecelo. "Nin Fraga no seu momento se atreveu a tanto", dixo o alcalde de Pontevedra, Miguel Fernández Lores.

O rexedor, xunto coa tenente de alcalde, Teresa Casal, representantes dos colectivos veciñais e do gremio sanitario, presentaron o acto informativo que, co lema *Este hospital é teu*, se celebrará o 2 de marzo ás 20.00 horas no Centro Social Caixanova. Nel intervirán Miguel Anxo Vilacoba en representación das Federacións Veciñais Teucro e Castela, a tenente de alcalde e o rexedor de Pontevedra e dous ex-

CONTRA O COPAGO

O deputado de Izquierda Unida no Congreso, Gaspar Llamazares, asegurou onte en Barcelona que, tras a proposta de atrasar a idade de xubilación aos 67 anos, o Goberno estuda expor a fórmula do copago no sistema público de saúde e a colaboración privada, dous extremos que rexeitou explicitamente e das que responsabilizou aos "hooligans" do Ministerio de Economía. O deputado de IU sinalou que a iniciativa pública debe ser o "motor" para recuperar a economía, e instou o presidente Zapatero a que reduza a presenza crecente no Goberno de sectores neoliberais que forzan un xiro á dereita nas políticas públicas.

pertos en Sanidade, Francisco Reyes Santos e Manuel González Moreira, presidente da xunta de persoal da Área Sanitaria de Vigo.

Os responsables municipais animaron á cidadanía para que acuda, porque "a saúde pública está por enriba de calquera ben material". Teresa Casal está convencida de que esa instalación non se chega-



Hospital Montecelo de Pontevedra

XAN XIADAS

rá a materializar porque "Telmo Martín non vai ser alcalde". Fernández Lores considerou que "si o van facer", salvo que haxa "unha resposta social tan contundente que perigue que o PP poida gañar unhas eleccións".

O rexedor insistiu en que se vai encarecer a Sanidade, así como "diminuír a calidade da asistencia sa-

nitaria e as condicións laborais dos traballadores", ademais de "darlle beneficio á iniciativa privada".

Para Fernández Lores, a construción dun novo hospital en Monte Carrasco é unha "decisión política, non técnica", da que responsabilizou directamente ao titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, do que recordou que "era direc-

tor xeral do Insalud no momento en que se iniciou a privatización de sistema".

O alcalde de Pontevedra comparou o modelo previsto en Pontevedra co implantado en Reino Unido, Madrid e Valencia, do que dixo que "os informes dos Consellos de Contas do sistema valenciano alertan de que xa está en quebra". ■